**CONVENIO PARA DETERMINAR EL PLAN DE ACTUACIÓN PARA 2019 QUE SUSCRIBEN LA XUNTA DE GALICIA, LA FISCALÍA GENERAL DEL ESTADO, LA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA Y EL CENTRO DE ESTUDIOS JURÍDICOS O.A., RELATIVO AL PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA DE FISCALES "ESCUELA DE VERANO DEL MINISTERIO FISCAL"**

**(*Desarrollo de la Cláusula Décima del Acuerdo Marco de 11 de junio de 2003*)**

**CONVENIO PARA DETERMINAR O PLAN DE ACTUACIÓN PARA 2019 QUE SUBSCRIBEN A XUNTA DE GALICIA, A FISCALÍA XERAL DO ESTADO, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE ESTUDOS XURÍDICOS, O.A., RELATIVO AO PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA DE FISCAIS "ESCOLA DE VERÁN DO MINISTERIO FISCAL"**

**(Desenvolvemento da cláusula décima do Acordo marco do 11 de xuño de 2003)**

Pazo de Mariñán, 11 de junio de 2019

**REUNIDOS**

Por la Xunta de Galicia, el Excmo. Sr. D. **Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente y Consejero de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia de la Xunta de Galicia,** actuando en nombre y representación de la Xunta de Galicia, en virtud del Decreto 148/2016, del 13 de noviembre, por el que se nombran los titulares de los departamentos de la Xunta de Galicia, en ejercicio de las facultades que le confiere el artículo 34 de la Ley 1/1983, de 22 de febrero, reguladora de la Xunta y de su Presidencia.

Por la Fiscalía General del Estado, la Excma. Sra. D. ª **Mª José Segarra Crespo, Fiscal General del Estado.**

Por la Diputación Provincial de A Coruña, el Excmo. Sr. D. **Valentín González Formoso, Presidente.**

Por el Centro de Estudios Jurídicos, O.A. (Ministerio de Justicia), la Sra. D. ª **María de las Heras García,** Directora.

Intervienen en virtud de las competencias que cada uno ostenta y mutuamente se reconocen, y

**REUNIDOS**

Pola Xunta de Galicia, o Excmo. Sr. D. **Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,** actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Fiscalía Xeral do Estado, a Excma. Sra. Dª **María José Segarra Crespo, fiscal xeral do Estado.**

Pola Deputación Provincial da Coruña, **o seu presidente,** o Excmo. Sr. D. **Valentín González Formoso.**

Polo Centro de Estudos Xurídicos, O.A. (Ministerio de Xustiza), **a súa directora**, a Sra. Dª **María de las Heras García.**

Interveñen en virtude das competencias que cada un posúe e mutuamente se recoñecen, e

XUNTA DE GALICIA

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE JUSTICIA | Centro de Estudios Jurídicos

**EXPONEN:**

1. El art. 22.2 del Estatuto Orgánico del Ministerio Fiscal atribuye al Fiscal General del Estado la jefatura superior del Ministerio Fiscal y la facultad para dirigir y ordenar el servicio de la Institución, para lo cual resulta indispensable proceder adecuadamente a la formación de los miembros del Ministerio Fiscal.

   Por otra parte, el Estatuto de Autonomía de Galicia, en su artículo 20.1, confiere a la Comunidad Autónoma todas las facultades relativas a la atención de las necesidades de la Administración de Justicia.

   Por su parte, la Diputación Provincial de A Coruña también tiene entre sus fines la participación en actividades que promocionen la formación y la cultura.

   Entre las funciones del Centro de Estudios Jurídicos, O.A., previstas en su Estatuto (Real Decreto 1276/2003, de 10 de octubre – BOE de 17 de octubre), se encuentra la formación continua de los miembros de la Carrera Fiscal.

2. La excelente acogida y el prestigio adquirido por la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal en sus primeras ediciones, con un gran nivel científico y formativo de los cursos que se han celebrado hasta el momento, han aconsejado configurar a la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal como una actividad autónoma y estable con propia sustantividad dentro de los programas de formación de fiscales.

3. El 11 de junio de 2003 se suscribió un Acuerdo Marco para el desarrollo y sostenimiento de la "Escuela de Verano del Ministerio Fiscal" entre la Fiscalía General del Estado, la Xunta de Galicia, la Diputación Provincial de A Coruña, la Fundación Caixa Galicia – Claudio San Martín y el Centro de Estudios Jurídicos de la Administración de Justicia. El citado acuerdo tenía por objeto articular la cooperación entre las entidades referidas para la realización de la

**EXPOÑEN:**

1. O artigo 22.2 do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal atribúelle ao fiscal xeral do Estado a xefatura superior do Ministerio Fiscal e a facultade para dirixir e ordenar o servizo da institución, para o cal resulta indispensable proceder adecuadamente á formación dos membros do Ministerio Fiscal.

   Por outra parte, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 20.1, confírelle á comunidade autónoma todas as facultades relativas á atención das necesidades da Administración de xustiza.

   Pola súa banda, a Deputación Provincial da Coruña tamén ten entre os seus fins a participación en actividades que promovan a formación e a cultura.

   Entre as funcións do Centro de Estudos Xurídicos, O.A., previstas no seu estatuto (Real decreto 1276/2003, do 10 de outubro – BOE do 17 de outubro–), atópase a formación continua dos membros da carreira fiscal.

2. A excelente acollida e o prestixio adquirido pola Escola de Verán do Ministerio Fiscal nas súas primeiras edicións, cun gran nivel científico e formativo dos cursos que se celebraron ata o momento, aconsellaron configurar a Escola de Verán do Ministerio Fiscal como unha actividade autónoma e estable con propia substantividade dentro dos programas de formación de fiscais.

3. O 11 de xuño de 2003 subscribiuse un acordo marco para o desenvolvemento e sostemento da Escola de Verán do Ministerio Fiscal entre a Fiscalía Xeral do Estado, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña, a Fundación Caixa Galicia – Claudio San Martín e o Centro de Estudos Xurídicos da Administración de xustiza. O citado acordo tiña por obxecto articular a cooperación entre as entidades referidas para a realización da actividade



FISCALÍA GENERAL DEL ESTADO

actividad denominada "Escuela de Verano del Ministerio Fiscal", y así mismo dotarla de unas características propias respecto de las demás actividades de formación permanente y establecer un marco que asegurara su continuidad.

En la cláusula décima del Acuerdo Marco se expresa lo siguiente: *"El presupuesto de ingresos para la realización de la Escuela de Verano estará integrado por la aportación de la Xunta de Galicia, la del Centro de Estudios Jurídicos de la Administración de Justicia, la de la Diputación Provincial de A Coruña y la de la Fundación Caixa Galicia – Claudio San Martín. Para desarrollar el contenido concreto de la colaboración anual en las anteriores actividades, las partes, en atención a sus respectivas disponibilidades presupuestarias, establecerán un plan de actuación conjunta con los programas, proyectos y actividades que se programen dentro de la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal. En dicho plan de actuación se determinarán, en su caso, los medios materiales y personales necesarios para acometer las actividades programadas, así como el compromiso financiero y personal que asume cada una de las partes. Los sucesivos planes de actuación serán incorporados al presente acuerdo marco por medio de anexos suscritos por todas las partes"*.

4. Siendo la voluntad de las partes concretar su cooperación para garantizar el buen fin de la "Escuela de Verano del Ministerio Fiscal" en el presente año, proceden a la firma de este convenio, que se lleva a cabo con arreglo a las siguientes

**CLÁUSULAS**

**Primera. Objeto del convenio.**

El presente convenio tiene por objeto desarrollar el contenido concreto de la colaboración anual entre la Fiscalía General del Estado, la Xunta de Galicia (a través de la Vicepresidencia y la Consellería de Presidencia, Administraciones

denominada "Escola de Verán do Ministerio Fiscal", e así mesmo dotala dunhas características propias respecto das demais actividades de formación permanente e establecer un marco que asegurase a súa continuidade.

Na cláusula décima do acordo marco exprésase o seguinte: *"O orzamento de ingresos para a realización da Escola de Verán estará integrado pola achega da Xunta de Galicia, a do Centro de Estudos Xurídicos da Administración de xustiza, a da Deputación Provincial da Coruña e mais a da Fundación Caixa Galicia – Claudio San Martín. Para desenvolver o contido concreto da colaboración anual nas anteriores actividades, as partes, en atención ás súas respectivas dispoñibilidades orzamentarias, establecerán un plan de actuación conxunta cos programas, proxectos e actividades que se programen dentro da Escola de Verán do Ministerio Fiscal. No dito plan de actuación determinaranse, se é o caso, os medios materiais e persoais necesarios para acometer as actividades programadas, así como o compromiso financeiro e persoal que asume cada unha das partes. Os sucesivos plans de actuación serán incorporados ao presente acordo marco por medio de anexos subscritos por todas as partes"*.

4. Dado que é a vontade das partes concretar a súa cooperación para garantir o bo fin da Escola de Verán do Ministerio Fiscal no presente ano, proceden á sinatura deste convenio, que se leva a cabo consonte as seguintes

**CLÁUSULAS**

**Primeira. Obxecto do convenio.**

O presente convenio ten por obxecto desenvolver o contido concreto da colaboración anual entre a Fiscalía Xeral do Estado, a Xunta de Galicia (a través da Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza),

Públicas y Justicia), la Diputación Provincial de A Coruña y el Centro de Estudios Jurídicos, O.A. con objeto de llevar a cabo el programa de formación continua "Escuela de Verano del Ministerio Fiscal", **que tendrá lugar en el Pazo de Mariñán del 11 al 14 de junio, y del 17 al 20 de septiembre de 2019**, debiendo entenderse que los días 11 de junio y 17 de septiembre son de llegada al Pazo de Mariñán de los asistentes a los respectivos cursos, y que el día 12 de junio se llevará a cabo en el Pazo de Mariñán la firma del presente Convenio y la inauguración de la "Escuela de Verano del Ministerio Fiscal".

Dicha actividad está destinada a todos los integrantes de la Carrera Fiscal, en atención a las disponibilidades presupuestarias de las partes, y tiene por objeto establecer un plan de actuación conjunta con los programas, proyectos y actividades que se programen dentro de la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal para el año 2019, de conformidad con lo previsto en la cláusula número diez del Acuerdo Marco de 11 de junio de 2003.

Durante el año 2019, y tal como se ha indicado con anterioridad, la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal celebrará los dos encuentros señalados en el Pazo de Mariñán, perteneciente a la Diputación Provincial de A Coruña. El primero de ellos, durante el periodo del 11 al 14 de junio, bajo el título *De la LO 1/2004 al Pacto de Estado: avances en la lucha contra la VG y otras formas de violencia contra la mujer*. El segundo, en el periodo del 17 al 20 de septiembre, bajo la rúbrica de *La respuesta del Estado de Derecho ante la delincuencia en la red*.

**Segunda. Partes intervinientes.**

La Fiscalía General del Estado, el Centro de Estudios Jurídicos, O.A, la Xunta de Galicia y la Diputación Provincial de A Coruña colaborarán, en la forma que se establece a continuación, en la organización, gestión y financiación del programa "Escuela de Verano del Ministerio Fiscal".

**Tercera. Organización y coordinación de las actividades de formación.**

El Consejo Rector de la Escuela de Verano del

a Deputación Provincial da Coruña e mais o Centro de Estudos Xurídicos, O.A., co obxecto de levar a cabo o programa de formación continua "Escola de Verán do Ministerio Fiscal", **que terá lugar no Pazo de Mariñán do 11 ao 14 de xuño e do 17 ao 20 de setembro de 2019,** debendo entenderse que os días 11 de xuño e 17 de setembro son de chegada ao Pazo de Mariñán dos asistentes aos respectivos cursos, e que o día 12 de xuño se levará a cabo no Pazo de Mariñán a sinatura do presente convenio e a inauguración da Escola de Verán do Ministerio Fiscal.

A dita actividade está destinada a todos os integrantes da carreira fiscal, en atención ás dispoñibilidades orzamentarias das partes, e ten por obxecto establecer un plan de actuación conxunta cos programas, proxectos e actividades que se programen dentro da Escola de Verán do Ministerio Fiscal para o ano 2019, de conformidade co previsto na cláusula número dez do Acordo marco do 11 de xuño de 2003.

Durante o ano 2019, e tal como se indicou con anterioridade, a Escola de Verán do Ministerio Fiscal celebrará os dous encontros sinalados no Pazo de Mariñán, pertencente á Deputación Provincial da Coruña. O primeiro deles, durante o período do 11 ao 14 de xuño, baixo o título *Da Lei orgánica 1/2004 ao Pacto de Estado: avances na loita contra a violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller.* O segundo, no período do 17 ao 20 de setembro, baixo a rúbrica de *A resposta do Estado de Dereito ante a delincuencia na Rede.*

**Segunda. Partes intervenientes.**

A Fiscalía Xeral do Estado, o Centro de Estudos Xurídicos, O.A., a Xunta de Galicia e mais a Deputación Provincial da Coruña colaborarán, na forma que se establece a seguir, na organización, xestión e financiamento do programa "Escola de Verán do Ministerio Fiscal".

**Terceira. Organización e coordinación das actividades de formación.**

O Consello Reitor da Escola de Verán do

Ministerio Fiscal, previsto en la cláusula cuarta del Acuerdo Marco de 11 de junio de 2003, apoyado por la Secretaría Técnica de la Fiscalía General del Estado, la Dirección General de Justicia de la Vicepresidencia y Consellería de Presidencia Administraciones Públicas y Justicia, la Diputación Provincial de A Coruña y la Dirección del Centro de Estudios Jurídicos, O.A, asumirá la organización y gestión material de todas las actividades de formación y perfeccionamiento que se desarrollen en el ámbito de este convenio.

Estas partes procurarán mantener mecanismos de coordinación a fin de evitar que se interfieran mutuamente las actividades programadas por cada una de ellas no incluidas en el marco del convenio.

**Cuarta. Financiación de las actividades de formación en 2019.**

El coste de realización de los objetivos convenidos para el año 2019 será financiado por las instituciones, mediante aportaciones que se determinarán en función de las acciones que se realicen y de las disponibilidades presupuestarias existentes.

La forma de financiación para la realización de las actividades de la "Escuela de Verano del Ministerio Fiscal" durante este año 2019, será la siguiente:

- La Xunta de Galicia aportará hasta un máximo de **veinticinco mil euros (25.000€)** con cargo a la aplicación 05.22.131A.226.06, de los vigentes presupuestos de la Comunidad Autónoma, por los gastos del encuentro que se celebrará, durante el periodo del 11 al 14 de junio de 2019, bajo el título *De la LO 1/2004 al Pacto de Estado: avances en la lucha contra la VG y otras formas de violencia contra la mujer.*

- La Diputación Provincial de A Coruña aportará la cantidad de **veinticuatro mil cuatrocientos cinco euros** (24.405 €), correspondientes a los gastos del Pazo de Mariñán durante las dos sesiones de la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal del presente ejercicio.

Ministerio Fiscal, previsto na cláusula cuarta do Acordo marco do 11 de xuño de 2003, apoiado pola Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado, pola Dirección Xeral de Xustiza da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola Deputación Provincial da Coruña e mais pola Dirección do Centro de Estudos Xurídicos, O.A., asumirá a organización e xestión material de todas as actividades de formación e perfeccionamento que se desenvolvan no ámbito deste convenio.

Estas partes procurarán manter mecanismos de coordinación co fin de evitar que se interfiran mutuamente as actividades programadas por cada unha delas non incluídas no marco do convenio.

**Cuarta. Financiamento das actividades de formación en 2019.**

O custo de realización dos obxectivos convidos para o ano 2019 será financiado polas institucións mediante achegas que se determinarán en función das accións que se realicen e das dispoñibilidades orzamentarias existentes.

A forma de financiamento para a realización das actividades da Escola de Verán do Ministerio Fiscal durante este ano 2019 será a seguinte:

- A Xunta de Galicia achegará ata un máximo de **vinte e cinco mil euros** (25.000 €), con cargo á aplicación 05.22.131A.226.06 dos vixentes orzamentos da comunidade autónoma, polos gastos do encontro que se celebrará, durante o período do 11 ao 14 de xuño de 2019, baixo o título *Da Lei orgánica 1/2004 ao Pacto de Estado: avances na loita contra a violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller.*

- A Deputación Provincial da Coruña achegará a cantidade de **vinte e catro mil catrocentos cinco euros** (24.405 €), correspondentes aos gastos do Pazo de Mariñán durante as dúas sesións da Escola de Verán do Ministerio Fiscal do presente exercicio.

- El Centro de Estudios Jurídicos, O.A. correrá con los siguientes gastos, hasta el importe máximo de **veinticuatro mil novecientos cincuenta euros** (24.950 €), con cargo a las siguientes aplicaciones presupuestarias (13.101.111R.223, 13.101.111R.226.06, 13.101.111R.230, 13.101.111R.231 y 13.101.111R.233):
  - El exceso de los gastos de organización que pudiera originar el primer encuentro de la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal, que se celebrará durante el período del 11 al 14 de junio, y que hasta el importe máximo de veinticinco mil euros (25.000 €) financia la Xunta de Galicia, así como el importe del combustible necesario para el desplazamiento de aquellos intervinientes que prefieran acudir en vehículo privado (según kilometraje), y el pago de las dos medias dietas de manutención a cada uno de los miembros de la Carrera Fiscal que asistan a esta actividad.
  - Los gastos de organización (retribuciones y alojamiento de ponentes, guías, autobuses, gastos de taxis justificados, señalización, trípticos y diplomas) del segundo encuentro de la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal, que se llevará a cabo en el periodo del 17 al 20 de septiembre de 2019, bajo la rúbrica de *La respuesta del Estado de Derecho ante la delincuencia en la red,* así como todos los gastos de transporte y el pago de dos medias dietas de manutención a cada uno de los miembros de la Carrera Fiscal que participen en esta actividad formativa.
  - Los correspondientes a la publicación de las ponencias y mesas redondas, en los mismos términos que el resto de los cursos de formación continua del Ministerio Fiscal, liquidándose según los baremos de retribuciones del Centro de Estudios Jurídicos por actuaciones formativas, grupos de trabajo e investigación, previamente informados favorablemente por el Ministerio de Hacienda.

- O Centro de Estudos Xurídicos, O.A., correrá cos seguintes gastos, ata o importe máximo de **vinte e catro mil novecentos cincuenta euros** (24.950 €), con cargo ás aplicacións orzamentarias 13.101.111R.223, 13.101.111R.226.06, 13.101.111R.230, 13.101.111R.231 e 13.101.111R.233:
  - O exceso dos gastos de organización que puidese orixinar o primeiro encontro da Escola de Verán do Ministerio Fiscal, que se celebrará durante o período do 11 ao 14 de xuño, e que ata o importe máximo de vinte e cinco mil euros (25.000 €) financia a Xunta de Galicia, así como o importe do combustible necesario para o desprazamento daqueles intervenientes que prefiran acudir en vehículo privado (segundo quilometraxe) e mais o pagamento das dúas medias axudas de custo de manutención a cada un dos membros da carreira fiscal que asistan a esta actividade.
  - Os gastos de organización (retribucións e aloxamento de relatores, guías, autobuses, gastos de taxis xustificados, sinalización, trípticos e diplomas) do segundo encontro da Escola de Verán do Ministerio Fiscal, que se levará a cabo no período do 17 ao 20 de setembro, baixo a rúbrica de *A resposta do Estado de Dereito ante a delincuencia na Rede*, así como todos os gastos de transporte e mais o pagamento de dúas medias axudas de custo de manutención a cada un dos membros da carreira fiscal que participen nesta actividade formativa.
  - Os correspondentes á publicación dos relatorios e mesas redondas, nos mesmos termos ca no resto dos cursos de formación continua do Ministerio Fiscal, liquidándose segundo os baremos de retribucións do Centro de Estudos Xurídicos por actuacións formativas, grupos de traballo e investigación, previamente informados de xeito favorable polo Ministerio de Facenda.

La aportación de cada una de las partes se materializará mediante el abono de facturas que se corresponderán con gastos derivados de la realización de cada una de las actividades hasta los importes indicados anteriormente.

A achega de cada unha das partes materializarase mediante o aboamento de facturas que se corresponderán con gastos derivados da realización de cada unha das actividades, ata os importes indicados anteriormente.

La Diputación Provincial de A Coruña asumirá los gastos generados por el uso de las instalaciones y servicios del Pazo de Mariñán por parte de la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal, hasta el importe máximo ya indicado. Se incluyen en el patrocinio los servicios comprendidos en las tarifas primera (alojamiento), segunda (manutención solamente), tercera (cesión de locales e instalaciones) y cuarta (servicios extras) del precio público por la utilización del Pazo de Mariñán, de acuerdo con los importes fijados en la ordenanza fiscal vigente para el año 2019.

A Deputación Provincial da Coruña asumirá os gastos xerados polo uso das instalacións e servizos do Pazo de Mariñán por parte da Escola de Verán do Ministerio Fiscal, ata o importe máximo xa indicado. Inclúense no patrocinio os servizos comprendidos nas tarifas primeira (aloxamento), segunda (manutención soamente), terceira (cesión de locais e instalacións) e cuarta (servizos extra) do prezo público pola utilización do Pazo de Mariñán, de acordo cos importes fixados na ordenanza fiscal vixente para o ano 2019.

En el caso de que los gastos fuesen superiores al importe citado, serán abonados por el Centro de Estudios Jurídicos, O.A., después de la realización de la oportuna liquidación por parte de la Diputación Provincial de A Coruña, si bien la asunción de estos gastos por parte del Centro de Estudios Jurídicos, O.A. se realizará dentro del importe máximo de los 25.000 € previstos en esta cláusula.

No caso de que os gastos sexan superiores ao importe citado, serán aboados polo Centro de Estudos Xurídicos, O.A., despois da realización da oportuna liquidación por parte da Deputación Provincial da Coruña, se ben a asunción destes gastos por parte do Centro de Estudos Xurídicos, O.A., se realizará dentro do importe máximo dos 25.000 € previstos nesta cláusula.

Una vez concluidas las actividades objeto de este convenio, cada una de las partes justificará los gastos abonados mediante la oportuna certificación expedida por la persona adecuada a este efecto.

Unha vez concluídas as actividades obxecto deste convenio, cada unha das partes xustificará os gastos aboados mediante a oportuna certificación expedida pola persoa adecuada para este efecto.

**Quinta. Programa de las actividades formativas.**

**Quinta. Programa das actividades formativas.**

El programa de desarrollo de la Escuela de Verano del Ministerio Fiscal para el período de vigencia de este convenio, figurará como anexo, y tanto este último como el presente convenio se unirán como anexos al Acuerdo Marco de 11 de junio de 2003.

O programa de desenvolvemento da Escola de Verán do Ministerio Fiscal para o período de vixencia deste convenio figurará como anexo, e tanto este último coma o presente convenio uniranse como anexos ao Acordo marco do 11 de xuño de 2003.

**Sexta. Acreditación de la asistencia y participación en las actividades formativas.**

**Sexta. Acreditación da asistencia e participación nas actividades formativas.**

La asistencia y participación en las actividades de

A asistencia e participación nas actividades de

formación y perfeccionamiento que se realicen en los cursos de la "Escuela Verano del Ministerio Fiscal" se acreditará por medio de la expedición de diplomas o certificaciones, tanto de asistencia como de aprovechamiento, expidiéndose conjuntamente por todas las instituciones organizadoras.

formación e perfeccionamento que se realicen nos cursos da Escola Verán do Ministerio Fiscal acreditarase por medio da expedición de diplomas ou certificacións, tanto de asistencia coma de aproveitamento, que serán expedidos conxuntamente por todas as institucións organizadoras.

**Séptima. Comisión de Seguimiento del convenio.**

El Consejo Rector previsto en la cláusula cuarta del Acuerdo Marco de 11 de junio de 2003 será también la Comisión de Seguimiento del presente convenio, aplicándose todo lo previsto en el referido Acuerdo sobre sus normas de funcionamiento.
A título enunciativo, esta Comisión tendrá las siguientes funciones:

a) Hacer el seguimiento y evaluación económica del convenio, ejerciendo las—funciones de coordinación entre las Instituciones firmantes.

b) Interpretar el convenio y resolver cuantas dudas puedan surgir en su ejecución.

**Sétima. Comisión de Seguimento do convenio.**

O Consello Reitor previsto na cláusula cuarta do Acordo marco do 11 de xuño de 2003 será tamén a Comisión de Seguimento do presente convenio, e aplicarase todo o previsto no referido acordo sobre as súas normas de funcionamento.

A título enunciativo, esta comisión terá as seguintes funcións:

a) Facer o seguimento e avaliación económica do convenio, exercendo as funcións de coordinación entre as institucións asinantes.

b) Interpretar o convenio e resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución.

**Octava. Comisión Ejecutiva y funciones**

Independientemente de lo anterior, la Comisión de Seguimiento podrá designar una Comisión Ejecutiva en la que figurarán un representante por cada parte, a fin de dotar de una mayor agilidad a la ejecución de este convenio, y cuyas funciones serán:

a) Controlar la ejecución del presupuesto de gastos.

b) Efectuar el seguimiento y ejecución de las actividades.

c) Acordar las modificaciones necesarias en el desarrollo de las actividades de formación previstas.

d) Cuantas les sean delegadas o encomendadas por la Comisión de Seguimiento del Convenio.

**Oitava. Comisión Executiva e funcións.**

Independentemente do anterior, a Comisión de Seguimento poderá designar unha comisión executiva, na que figurará cadanseu representante das partes, a fin de dotar dunha maior axilidade a execución deste convenio, e cuxas funcións serán:

a) Controlar a execución do orzamento de gastos.

b) Efectuar o seguimento e execución das actividades.

c) Acordar as modificacións necesarias no desenvolvemento das actividades de formación previstas.

d) Cantas lle sexan delegadas ou encomendadas pola Comisión de Seguimento do convenio.

**Novena. Presupuesto de ingresos y gastos del programa de formación 2019.**

El presupuesto de ingresos para el año 2019 estará integrado por la aportación del Centro de Estudios Jurídicos, O.A., la Xunta de Galicia, y la Diputación Provincial de A Coruña.

El de gastos estará integrado por:

a) Todos los inherentes a la gestión administrativa, tales como medios materiales, personales e infraestructuras (locales, material didáctico, confección de diplomas, publicidad, personal auxiliar, administración, etc.).

b) Los honorarios y gastos de los ponentes, moderadores, conferenciantes, etc., incluyendo el pago de las ponencias escritas.

c) Las dietas de alojamiento y manutención y los gastos de desplazamiento de los conferenciantes, ponentes, moderadores y demás docentes de las actividades formativas, así como de los asistentes a ellas, salvo los gastos directamente asumidos por el Centro de Estudios Jurídicos, O.A., de acuerdo con la Cláusula Cuarta de este convenio.

**Novena. Orzamento de ingresos e gastos do programa de formación 2019.**

O orzamento de ingresos para o ano 2019 estará integrado pola achega do Centro de Estudos Xurídicos, O.A., pola da Xunta de Galicia e mais pola da Deputación Provincial da Coruña.

O de gastos estará integrado por:

a) Todos os inherentes á xestión administrativa, tales como medios materiais, persoais e infraestruturas (locais, material didáctico, confección de diplomas, publicidade, persoal auxiliar, administración, etc.).

b) Os honorarios e gastos dos relatores, moderadores, conferenciantes, etc., incluíndo o pago dos relatorios escritos.

c) As axudas de custo por aloxamento e manutención e os gastos de desprazamento dos conferenciantes, relatores, moderadores e demais docentes das actividades formativas, así como dos asistentes a elas, agás os gastos directamente asumidos polo Centro de Estudos Xurídicos, O.A., consonte a cláusula cuarta deste convenio.

**Décima. Voluntad de las partes de llevar a buen fin las actividades de formación.**

Las partes procurarán por todos sus medios llevar a buen fin las actividades de formación programadas dentro del convenio, manteniendo para ello cuantos contactos e intercambios sean precisos, tanto en el ámbito de la Comisión de Seguimiento como, en su caso, en el ámbito de la Comisión Ejecutiva.

**Décima. Vontade das partes de levar a bo fin as actividades de formación.**

As partes procurarán por todos os seus medios levar a bo fin as actividades de formación programadas dentro do convenio, mantendo para o caso cantos contactos e intercambios sexan precisos, tanto no ámbito da Comisión de Seguimento coma, se é o caso, no ámbito da Comisión Executiva.

**Undécima. Eficacia del Plan de Actuación**

Este plan de actuación producirá efectos una vez inscrito en el Registro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación del sector público estatal y publicado en el Boletín Oficial del Estado en los términos previstos en el artículo 48.8 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre de Régimen Jurídico del Sector Público y

**Décimo primeira. Eficacia do plan de actuación.**

Este plan de actuación producirá efectos unha vez sexa inscrito no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do Sector Público Estatal e publicado no *Boletín Oficial del Estado*, nos termos previstos no artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e estenderá os seus

extenderá sus efectos a todo el ejercicio 2019, quedando expresamente condicionadas las obligaciones contraídas a la existencia de crédito adecuado y suficiente en los presupuestos de las instituciones en el ejercicio 2019.

efectos a todo o exercicio 2019, quedando expresamente condicionadas as obrigas contraídas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos das institucións no exercicio 2019.

**Duodécima. Modificación y resolución del convenio.**

Este convenio podrá modificarse por acuerdo unánime de las partes a través de la suscripción de la correspondiente Adenda Modificativa.

Serán causas de resolución del convenio:

a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado su prórroga.

b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que se cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.
Si transcurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Imposibilidad sobrevenida de cumplimiento del objeto del convenio.

f) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

La resolución del convenio no afectará a la finalización de las actividades que estuvieran en ejecución, que deberán realizarse en el plazo

**Décimo segunda. Resolución anticipada do convenio.**

Este convenio poderá modificarse por acordo unánime das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificadora.

Serán causas de resolución do convenio:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen se acordar a súa prórroga.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do convenio.

f) Por Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

A resolución do convenio non afectará á finalización das actividades que estean en execución, que se deberán realizar no prazo

improrrogable fijado por la Comisión de Seguimiento del convenio.

improrrogable fixado pola Comisión de Seguimento do convenio.

**Decimotercera. Naturaleza y régimen jurídico del convenio.**

Este Convenio tiene naturaleza jurídico-administrativa, y está excluido de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, en virtud de lo establecido en su artículo 6.

El conocimiento de las cuestiones litigiosas que pudieran producirse como consecuencia de la ejecución de este convenio, corresponderá a la jurisdicción contencioso-administrativa.

**Décimo terceira. Natureza e réxime xurídico do convenio.**

Este convenio ten natureza xurídico-administrativa e está excluído da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en virtude do seu artigo 6.

O coñecemento das cuestións litixiosas que se poidan producir como consecuencia da execución deste convenio corresponderalle á xurisdición contencioso-administrativa.

**Decimocuarta. Publicidad y transparencia.**

Este convenio se publicará en el Boletín Oficial del Estado y se inscribirá en el Registro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, de acuerdo con lo previsto en la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público. Asimismo, se publicará en el Portal de la Transparencia del Gobierno de España, de acuerdo con lo previsto en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno (BOE de 10 de diciembre).

Este Convenio se publicará, de acuerdo con lo previsto en la Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno de la Administración pública gallega. Así mismo, se incluirá en el Registro Público de Ayudas, Subvenciones y Convenios, de conformidad con el Decreto 132/2006, de 27 de julio, por el que se regulan los registros públicos creados en los artículos 44 y 45 de la Ley 7/2005, de 29 de diciembre, de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2006.

**Décimo cuarta. Publicidade e transparencia.**

Este convenio publicarase no *Boletín Oficial del Estado* e inscribirase no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, de acordo co previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, publicarase no Portal da transparencia do Goberno de España, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE do 10 de decembro).

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluirase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

**Decimoquinta. Protección de datos.**

Las partes firmantes vendrán obligadas en materia de protección de datos a cumplir con el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016,

**Décimo quinta. Protección de datos.**

As partes asinantes quedarán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016,

XUNTA DE GALICIA

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE JUSTICIA | Centro de Estudios Jurídicos

relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos) y demás disposiciones vigentes sobre la materia.

relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Las partes firmantes del convenio manifiestan su consentimiento para que los datos personales que constan en este convenio, así como el resto de las especificaciones contenidas en el mismo, puedan publicarse en el Portal de transparencia y Gobierno abierto.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

De conformidad con todo lo expuesto y convenido, en el ejercicio de las atribuciones de que son titulares los firmantes, suscriben el presente convenio.

De conformidade con todo o exposto e convido, e no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, subscriben o presente convenio.

Por la Xunta de Galicia

**Alfonso Rueda Valenzuela**

Por la Fiscalía General del Estado

**Mª José Segarra Crespo**

Por la Diputación Provincial de A Coruña

**Valentín González Formoso**

Por el Centro de Estudios Jurídicos, O.A.

**María de las Heras García**



FISCALÍA GENERAL DEL ESTADO